

## Mosteiro de Oseira-Serra Martiñá (Ourense) 6 de abril de 2014



Este percorrido circular enclavado na Serra Martiñá, na que abundaban os osos que lle deron nome a Oseira, discorre por camiños tradicionais e corredoiras ao longo dos ríos Oseira e Mirela.

Comeza a nosa andaina en Oseira, parroquia do concello de San Cristovo de Cea ([www.concellodecea.com](http://www.concellodecea.com)) onde se atopa o mosteiro cisterciense de Santa María a Real, fundado no ano 1137 ([www.mosteirodeoseira.org](http://www.mosteirodeoseira.org)).

A vila de Cea, de gran tradición panadeira que se remonta a máis de cincocentos anos atrás, continua elaborando en máis de 20 fornos un pan de trigo exquisito que é a principal actividade deste concello.

Comezamos a camiñar ao carón do Mosteiro e baixamos cara a área de lecer de Casledo, onde atravesamos por unhas poldras o río Mirela tamén chamado Oseira, para continuar pola marxe esquerda do río por fermosos sendeiros cheos de vexetación, musgos, auga...

Despois de abandonar o río, por estreitas vereas, entre soutos e carballeiras, ascendemos ata a aldea de Trabazos. Subindo pouco a pouco, seguimos cara a Serra Martiñá, onde a vexetación xa se encolle con feitos, codesos, xestas, toxeias e pedras de antolladizas formas que marcan a paisaxe.

Pasamos a area de media montaña, a Pena Veidosa (ou Ventosa) que forma parte da Rede Natura 2000, e o pouco acadamos o cumio Martiñá, altitude 1038m. Dende o alto de A Martiñá pódese observar a extensa paisaxe dominada polas terras montañosas circundantes e a penechira de Vilamarín co val do río Barbantiño, que vai desembocar no Miño. Tamén se divisa o val transversal do río Oseira.

Descendemos por pistas e sucos das arrioadas do ballón para achegámonos a aldea de Pieles; pedra pura con ancestrais corredeiras e casas de patín.

Continuamos por un sombrío vieiro franqueado por carballos, baixando a procura do río Mirela e logo de pasalo, un camiño empedrado sitúanos en Betar.

Pola parte alta da aldea tomamos un camiño entre monte baixo e despois de pasar por o pobo O Río mergullámonos noutra carballeira; e ao carón das murallas chegamos a San Martiño co seu forno comunal. A partires de aquí disfrutaremos dunhas espectaculares vistas do Mosteiro e de toda a Serra Martiñá.

Esperamos chegar con tempo para visitar o mosteiro, a última visita é ás 17:30, prezo de grupo 1, 5 (mínimo 25 persoas) euros por persoa, individual 3 euros

Nivel técnico: baixo; Nivel físico: medio  
Distancia aprox. 17 km  
900 m de desnivel acumulado.

**O que hai que levar:** xantar, auga, imprescindible botas, roupa según a predición metereolóxica.

Mapa utilizados, 154-IV Oseira

Tomaremos café no pobo de Oseira.

**IMPORTANTE:** Por mor do percorrido e dado que a última visita o Mosteiro é as 17:30 non imos facer parada en ningún forno. **Os que queirades mercar pan de Cea podédelo reservar no bar onde imos tomar café, para iso tedes que chamar antes do domingo día 6 o seguinte teléfono 988 282672, custa 3 euros.** Como pesa moito podédelo recoller o final da ruta ou deixalo no autobús.

**Saída ás 8,00, do Estadio de Riazor,**

*O camiño vai por moitas encrucilladas así que non adiantedes aos monitores..*

Teléfonos de interese: **SOS Galicia 112. Organización 646358825.**

**Próximas actividades:**